



ADDENDA Á PROGRAMACIÓN (CURSO 2021-2022)

RESPECTO DO NOVO CALENDARIO FIN DE CURSO

DEPARTAMENTO DE LGL – IES FÉLIX MURIEL

Segundo o **Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro** polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional

E a **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Na Educación Secundaria Obrigatoria establécese un novo calendario para este final de curso que introduce o seguinte cambio: *A terceira avaliación parcial terá lugar a partir do 6 de xuño e a avaliación final a partir do 23 de xuño; non haberá avaliación extraordinaria.*

No periodo comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final aplicaranse os seguintes procedementos de actuación en canto á docencia e os criterios de avaliación:

- Continuarase para todo o alumnado da aula, coas actividades programadas para dito periodo segundo as necesidades determinadas pola temporalización da programación didáctica.
- * Procedemento co alumnado que non acade unha cualificación de 5 ou superior na 3ª avaliación:
 - Farase unha atención o máis individualizada posible do alumnado con avaliación negativa na materia de cara a mellorar as súas destrezas comunicativas en cada unha das súas manifestacións; comprensión oral e escrita identificando as ideas principais dos textos traballados sendo capaces de organizalas nun resumo e ou esquema, e produción oral e escrita respectando a adecuación, coherencia e cohesión á súa vez que se amosa interese pola corrección gramatical e ortográfica.
 - Procurarase na medida do posible que as actividades sexan motivadoras, dinámicas e colaborativas para manter o interese tanto o alumnado con avaliación negativa como positiva.
 - Permitirase que o alumnado que non tivese entregado nos prazos previstos aqueles traballos ou actividades planificadas para ser realizadas na casa, poida entregalos para serlles avaliados.
- * Aquel alumnado que supere a materia na 3ª avaliación, parcial, debe ter en conta que a actividade lectiva non remata ata o día 22 de xuño e que esta será obxecto de avaliación, debendo polo tanto superar a avaliación final ordinaria.
- Con este alumnado seguiranse os procedementos de actuación indicados con anterioridade na presente addenda.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

IES Félix Muriel



Rúa María Ana Mogas, nº 1
15920 RIANXO
881 86 66 46
ies.felix.muriel@edu.xunta.gal

- Se o desenvolvemento da temporalización da PD o permite realizaranse actividades de ampliación para mellorar a adquisición das súas destrezas.

* Os criterios de cualificación serán os mesmos que os establecidos na Programación Didáctica.

- A nota final será a media das tres avaliacións, salvo o caso de que a nota da terceira avaliación, (calculada pola cualificación da avaliación parcial e as correccións determinadas no período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño), sexa superior a dita media, en cuxo caso prevalecerá a da terceira.